

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/7	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «PLENO DE ORGANIZACIÓN»
Data	4 de xullo de 2019
Duración	Desde as 21:00 ata as 22:17 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 527/2019. Grupos Políticos

1. COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE RELATIVA NOMEAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS.

Dáse coñecemento do **Decreto 171/2019, do 28 de xuño**, que a continuación se transcribe:

“Expediente núm.- 506/2019

DECRETO DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS

D. Manuel González López, Alcalde-Presidente do Concello de Outes (A Coruña),

Consonte os artigos 21.2 e 3, e 23.1, 3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (en diante, LBRL); 61.2, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALG); e 43 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais (en diante, ROF),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomeamento da Xunta de Goberno Local.

Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- D. José Manuel Ramos Caamaño.*
- Da. Raquel García Barreiro.*
- D. Daniel Rodríguez Gándara.*
- Da. Alba Quintela Vilariño.*



SEGUNDO.- Nomeamento de tenentes de alcalde.

Nomear tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

- Primeiro: Da. Alba Quintela Vilariño.
- Segundo: D. José Manuel Ramos Caamaño.
- Terceiro: D. Daniel Rodríguez Gándara.
- Cuarto: Da. Raquel García Barreiro.

TERCEIRO.- Delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

1) Autorizar e dispor os gastos, e recoñecemento de obrigacións que superen a contía de 6.000,00 €.

2) Aprobación de bases reguladoras de convocatorias, concesións e xustificación de subvencións a terceiros.

3) Aceptación de subvencións outorgadas a favor do Concello.

4) Aprobación de listas de contribuíntes de tributos e prezos públicos municipais, resolución de recursos contra os actos de xestión tributaria, e anulación de recibos; e a concesión de exencións do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica.

5) Aprobar a oferta de emprego público con suxeición ao orzamento e ao cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación, as bases das probas de selección do persoal funcionario e laboral, e as bases para a provisión de postos de traballo.

6) O nomeamento do persoal funcionario e laboral, e o exercicio das potestades organizatorias e disciplinaria en materia de persoal, coas limitacións que sobre atribucións indelegables prevé a LBRL.

7) Aprobar os proxectos de obras e servizos que lle competan ao alcalde e cando lle corresponda a súa contratación de conformidade co apartado seguinte.



8) A contratación de calquera clase de obras, xestión de servizos públicos, subministracións, consultoría e asistencia ou servizos, que lle competen ó alcalde, non sendo as que se tramiten como contratos menores.

9) A adquisición e o alleamento de bens e dereitos que lle corresponden ó alcalde e que teñan un valor superior a 3.000,00 €.

10) Aprobar os criterios e normas sobre a xestión dos servizos públicos, cando non lle correspondan ó Pleno.

11) Aprobar os instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización, cando non lle correspondan ó Pleno.

12) Outorgar as licenzas urbanísticas de obras e de actividades, e informar nos procedementos de construcións e instalacións en solo rústico.

13) A declaración de ruína dos inmobles, as ordes de execución de obras e as decisións sobre reposición da legalidade e sancionadoras en materia de disciplina urbanística, non sendo en casos de urxencia.

14) A resolución de toda clase de procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves previstas nas ordenanzas municipais e, en xeral, no resto do ordenamento xurídico.

15) O outorgamento, autorización de transmisión e declaración de caducidade das licenzas de autotaxi.

16) O outorgamento de autorizacións para o uso ou aproveitamento especial e privativo do dominio público, cando non lle correspondan ao Pleno.

17) Os plans xerais de actuación das diversas áreas municipais e a programación temporal da súa execución, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ó Pleno da Corporación.

CUARTO.- Periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cunha periodicidade quincenal, cada luns correspondente, ás 17:30 horas.



QUINTO.- Nomeamento de concelleiros-delegados da Alcaldía.

I. Delegacións especiais.

1. Nomear concelleiros-delegados especiais con responsabilidade para a atención específica e supervisión de servizos públicos en materia de:

*- **Área:** Cultura, xuventude e voluntariado, que abarca as materias de eventos e festexos, relación coas Asociacións Culturais e Comisións de festas, programación cultural, xuventude e protección civil, a D. José Manuel Ramos Caamaño.*

*- **Área:** Obras, servizos e medio ambiente, que abarca as materias de saneamento, auga e recollida de lixo, brigada de control de obras, limpeza de viais e espazos públicos e loita anti-incendios, medioambiente e benestar animal, a D. Alba Quintela Vilariño.*

*- **Área:** Deportes e educación, que abarca as materias de programación e eventos deportivos, relación con clubs e educación, a D. Daniel Rodríguez Gándara.*

*- **Área:** Igualdade e benestar, que abarca as materias de asuntos sociais e dependencia, muller (CIM) e igualdade, a D^a Raquel García Barreiro.*

As facultades que se delegan son as de dirección, inspección e impulso da actuación municipal nas respectivas materias. En ningún caso se inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEXTO.- Delegación de competencias na 1^o tenente de alcalde:

Delegar na 1^a tenente de alcalde, D^a Alba Quintela Vilariño, o exercicio das competencias de:

1^o) Contratación de obras, subministros e servizos que teñan un orzamento inferior a 6.000,00 €, e a autorización e disposición de gastos correspondentes.

2^o) Adquisición e alleamento de bens e dereitos competencia desta Alcaldía que teñan un valor inferior a 3.000,00 €.

3^o) Recoñecemento de obrigacións cando estas teñan un importe inferior a 6.000,00 €, e as de importe superior cando deriven de contratos de carácter periódico e tracto sucesivo.

4^o) Ordenación de pagamentos derivados de obrigacións previamente recoñecidas e pagamentos por operacións extraorxamentarias, así como a



sinatura de tódolos documentos contables.

5º) Aprobación de liquidacións tributarias e demais actos de xestión e inspección tributaria, e o recoñecemento de dereitos en calquera das súas formas que non estean delegados expresamente na Xunta de Goberno Local, así como a resolución de recursos de reposición contra eles.

6º) Devolución de ingresos por liquidacións tributarias, prezos públicos ou privados.

7º) Aprobación de modificacións de créditos competencia da Alcaldía.

8º) O desenvolvemento da xestión económica consonte ó orzamento aprobado pola Corporación e non expresamente atribuída a outros órganos.

9º) As atribucións da Alcaldía en materia de persoal, agás as indelegables de xefatura superior de todo o persoal, separación de servizo de funcionarios e despedimento de persoal laboral, e das que son obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local.

SEXTO.- Publicar esta resolución no taboleiro de edictos da Corporación, na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

SÉTIMO.- Dar conta ó Pleno da Corporación ós efectos previstos, na sesión de organización a celebrar.

Outes, na data que figura á marxe.

*O Alcalde,
D. Manuel González López.*

*Perante min,
A Secretaria da Corporación,
D^a Míriam Naveira Dono.”*

2.COÑECEMENTO DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DAS CORPORACIÓN.

Ponse en coñecemento do Pleno a válida constitución de tódolos grupos políticos que o integran, constitución debidamente dilixenciada por Secretaría, nos termos que figuran no expediente e que a continuación se transcriben:

“DACIÓN DE CONTAS DE FORMACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS

Desde esta Secretaría Xeral dáse conta dos diferentes escritos presentados



polos Concelleiros en relación coa súa adscrición aos diferentes Grupos Políticos que integran a Corporación Municipal en cumprimento dos artigos 23 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En consecuencia, os Grupos Políticos que integran o Concello de Outes son os que a continuación se relacionan, quedando integrados polos Concelleiros que así mesmo se especifican, designándose aos seguintes portavoces:

- GRUPO MUNICIPAL COMPROMISO OUTES:

Composición:

1. Manuel González López
2. José Manuel Ramos Caamaño
3. Raquel García Barreiro
4. Daniel Rodríguez Gándara
5. Alba Quintela Vilariño

Portavoz: Manuel González López.

Suplente: D. José Manuel Ramos Caamaño.

- GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR:

Composición:

1. María Beatriz Molinos Vidal
2. Andrés Castro Abelleira
3. Albino García Trillo
4. Juana Lago Prol
5. Tomás Gosende Cambeiro

Portavoz: María Beatriz Molinos Vidal.

Suplente: D. Andrés Castro Abelleira.

- GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Composición.

1. María José Suárez Castro
2. Anxo Núñez Fernández



Portavoz: María José Suárez Castro.

Suplente: D. Anxo Núñez Fernández.

- GRUPO MIXTO (en aplicación do artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia):

Composición:

1. José Antonio Caamaño Lestón

Portavoz: José Antonio Caamaño Lestón.”

Expediente 506/2019. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

3. RÉXIME DE SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

PROPOSTA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. Manuel González López, como Alcalde do Concello de Outes e en virtude do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propoño ó Pleno o seguinte réxime de sesións ordinarias:

Primeiro. O Pleno da Corporación reunirase en sesión ordinaria con periodicidade bimensual, os últimos xoves dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro, e o terceiro xoves de decembro; ás 20:00 h. no outono e inverno, e ás 21:00 na primavera e no verán. De cadrar a sesión en día santo, convocarase para a véspera.

Segundo. A Xunta de Goberno Local reunirase en sesión ordinaria os luns cada quince días, á hora sinalada polo alcalde. De cadrar en día inhábil,



convocarase para o día solto seguinte.

DEBATE

Inicia o debate o Sr. Alcalde para facer referencia a que neste punto, o grupo de goberno intentou chegar a acordos coas demais forzas, pero iso non foi posible, e únicamente foi o Partido Popular, tres horas antes do Pleno, o que achegou a súa proposta.

Cédelle a palabra a D^a Beatriz Molinos, que comeza dicindo *“A dinámica de facer sesións plenarias bimensuais leva a que cada ano se teñan que convocar outras 4 ou 5 extraordinarias para resolver sobre asuntos que non poden agardar 2 meses; por outra banda, o espírito de transparencia e o principio de participación, así como o especial relevo institucional do Pleno, aconsellan establecer una periodicidade mensual polo que presentamos una proposición alternativa neste último sentido”*.

Engade a continuación, que ese mesmo parágrafo é literalmente o que o Alcalde propoñía neste punto no Pleno de Organización da Corporación Municipal do 2015, e que mal empezamos se xa empezamos variando súa postura.

Catro anos despois a situación municipal mudou considerablemente, o anterior goberno tiña o respaldo da maioría absoluta dos veciños de Outes, pero o actual é un goberno en minoría, con 5 concelleiros ao igual que o grupo do PP, polo que consideran que se debe replantexar a periodicidade das sesións plenarias de xeito que teñan carácter mensual para que haxa a posibilidade dun control máis efectivo das actuacións do goberno e da presentación de propostas alternativas que dean voz a esa maioría que quedou fora do resultado obtido por CO.

Por eso propoñen que os Plenos ordinarios se celebren mensualmente os últimos xoves de cada mes, as 20:00 h no outono e no inverno e as 21:00 h na primavera e no verán. Se a sesión cadrase en día santo convocaríase o día anterior. (emenda *“in voce”*)

De seguido toma a palabra a portavoz do grupo BNG, D^a María Xosé Suárez Castro, e, previa entrega por escrito da súa correspondente emenda (consta no expediente), expón que como xa comentou Beatriz, o mesmo Sr. González na oposición pedía Plenos mensuais para ter un maior control da acción do goberno, polo que, no mesmo senso, o BNG considera que ante un goberno en minoría, con máis razón, eses Plenos é necesarios que sexan mensuais.

Por último, toma a palabra o portavoz do grupo socialista, D. José Antonio Caamaño, que se simplemente afirma que o grupo socialista tamén está de acordo coa celebración mensual dos Plenos.



Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** da proposta emendada, de tal xeito que os Plenos se celebren con carácter mensual, votación que acada o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

A emenda queda aprobada por unanimidade, acordando a celebración de sesións plenarias mensuais, ás horas anteriormente marcadas.

Comenta o Sr. González que entende que con respecto á periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local non teñen ningunha obxección, xa que non comentaron nada con anterioridade, ó que os demais grupos contestan negativamente, polo que se reunirá os luns, cada 15 días, á hora sinalada polo Alcalde.

4.DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. Manuel González López, como Alcalde do Concello de Outes e en virtude do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propoño ó Pleno efectuar as seguintes delegacións na Xunta de Goberno Local:

a) As contratacións e concesións, e a aprobación dos correspondentes proxectos de obras e servizos, que lle atribúen ao Pleno a Disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público (texto refundido aprobado polo Rdlex. 3/2011, do 14 de novembro) e o artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LBRL).

b) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación que lle atribúe ao Pleno o apartado 2.j) do artigo 22 da LBRL.

c) A aprobación de facturas e documentos xustificativos de prestacións realizadas en exercicios anteriores, que as persoas interesadas presentaran no



corrente e sempre que no exercicio en que se realizaron as citadas prestacións existise crédito adecuado e suficiente.

d) A ampliación do número de anualidades así como a elevación das porcentaxes a que se refire o apartado 3 do artigo 174 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en casos excepcionais.

DEBATE

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que neste caso, a súa proposta é moi semellante á aprobada hai catro anos, polo que xa se adianta que efectivamente eles defendían que non houbera delegacións do Pleno na Xunta de Goberno, pero que asesorados polos grupos xurídicos e de intervención, e vista a experiencia dos seus días no goberno, estiman oportunas as delegacións propostas.

A continuación, D^a María Beatriz comeza dicindo *“Non podo estar conforme coa delegación de competencias do Pleno na XGL, porque precisamente a opinión pública está a reclamar das administracións a maior transparencia e nas sesións do Pleno é onde, polo seu carácter público e representativo, se debe materializar esa reivindicación: as competencias plenarias deben ficar no Pleno e calquera iniciativa que vaia contra eso é dificilmente xustificable”*.

Novamente fai referencia a que estas son palabras do Sr. González, quen fai 4 anos non xustificaba o que agora é a súa proposta.

Engade que nun goberno en minoría as competencias do Pleno deben permanecer no Pleno para que conten co respaldo ou ca desaprobación de todos os grupos e se garanta dese xeito a representatividade de todos os veciños.

Por eso propoñemos para a votación nesta sesión, que non se delegue ningunha competencia do Pleno na XGL (emenda *“in voce”*).

Cédese a palabra á portavoz do BNG, que tamén fai referencia a que estiman que non debe delegarse ningunha competencia na Xunta de Goberno Local, dada a situación; creen que sí houbo oportunidade de diálogo, pero que non se fixo, pero é no Pleno donde os veciños teñen que coñecer a realidade.

Finalmente, o Sr. Caamaño, afirma que a diferenza entre unha maioría absoluta ou un goberno en minoría é importante, polo que si que é dificilmente xustificable esa delegación.

Remata o debate o Alcalde, dicindo que no mesmo espírito que no punto anterior, aínda que as delegacións son de carácter operativo, entenden que o Pleno desexe



que permanezan no seu seo.

Brevemente, contéstalle ó BNG que non é certo que non tivesen vontade de negociación e diálogo pola súa parte, se ben é lexítimo que queiran que iso se visualice na sesión plenaria.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** da proposta emendada, de tal xeito que non se produzan delegacións efectivas de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, votación que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

A proposta emendada queda aprobada por unanimidade, de tal xeito que non se efectúan delegacións.

5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

D. Manuel González López, como Alcalde do Concello de Outes e en virtude do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propoño ó Pleno o nomeamento das seguintes representacións para órganos colexiados:

- no CEIP de Outes, a D. Daniel Rodríguez Gándara;
- no IES Poeta Añón da Serra de Outes, a D. Daniel Rodríguez Gándara

DEBATE

Neste punto, ningún grupo político, despois de ser introducida a proposta polo Alcalde, fai ningunha obxección, polo que se produce a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 abstencións
- BNG: 5 abstencións
- Grupo Mixto (PSOE): 1 abstención

6. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E PERIODICIDADE DAS SÚAS SESIÓNS ORDINARIAS.



PROPOSTA DE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS E PERIODICIDADE DAS SÚAS SESIÓNS ORDINARIAS

D. Manuel González López, como Alcalde do Concello de Outes e en virtude do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propoño ó Pleno a creación e composición das seguintes Comisións Informativas:

Primeiro. Crear as seguintes comisións informativas permanentes:

- Comisión de facenda, que actuará como Comisión especial de contas. E
- Comisión de Servizos.

Segundo. As comisións estarán integradas por cadanseus oito membros dos que, en virtude do principio de representación proporcional, lles corresponderán tres escanos ao grupo de Compromiso Outes, tres ao grupo do Partido Popular, un ao grupo do Bloque Nacionalista Galgo e un ao Grupo Mixto.

Cuarto.- As comisións informativas permanentes reuniranse en sesión ordinaria coa antelación suficiente prevista na lexislación sobre réxime local, previa convocatoria do correspondente Pleno ordinario, ós efectos de ditame dos asuntos a incluír na súa orde do día, ás 20:00 h. no inverno e no outono e ás 21:00 h. na primavera e no verán. De cadrar a sesión en día inhábil, convocarase para o día solto anterior.

DEBATE

Neste punto, ningún grupo político, despois de ser introducida a proposta polo Alcalde, fai ningunha obxección, polo que se produce a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 abstencións
- BNG: 5 abstencións
- Grupo Mixto (PSOE): 1 abstención

7.RELACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.



PROPOSTA DA ALCALDÍA

En data 15/06/2019 constituíuse a nova corporación municipal 2019-2023 xurdida das pasadas eleccións municipais do mes de maio.

Mediante decreto desta alcaldía (171/2019, do 28 de xullo) acordouse o nomeamento da Xunta de Goberno Local, tenentes de alcalde, concelleiros delegados da Alcaldía e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local e primeira tenente de alcalde.

As competencias asumidas nas distintas áreas, ás que se fai referencia no citado Decreto, xustifican unha dedicación parcial de 25 horas semanais da primeira Tenencia de Alcaldía, D^a Alba Quintela Vilariño, unha dedicación parcial de 8 horas semanais da segunda Tenencia de Alcaldía e concelleiro delegado de Cultura, Xuventude e Voluntariado, D. José Manuel Ramos Caamaño, e 8 horas semanais para a terceira Tenencia de Alcaldía e concelleiro delegado de Deportes e Educación, D. Daniel Rodríguez Gándara.

Visto que se emitiu informe por Intervención acerca da existencia de consignación suficiente e axeitada no Orzamento municipal vixente para proceder ao pago das retribucións propostas.

Considerando o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, propoño ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Determinar que os cargos que realizan as súas funcións en réxime de dedicación especial son os seguintes:

- En réxime de dedicación exclusiva o/a alcalde/sa.
- En réxime de dedicación parcial:
 1. A/o primeira/o tenente de alcalde, cunha dedicación de 25 horas semanais, equivalente ao 67 % da xornada ordinaria de traballo.
 2. A/o concelleiro delegado de Cultura, Xuventude e Voluntariado, cunha dedicación de 8 horas semanais, equivalente ao 21 % da xornada ordinaria de traballo.
 3. A/o concelleiro delegado de Deportes e Educación, cunha dedicación de 8 horas semanais, equivalente ao 21 % da xornada ordinaria de traballo.



SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación [*exclusiva/parcial*], as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de alcalde/sa percibirá unha retribución anual bruta de 42.500,00 euros.

— O cargo de primeira/o tenente de alcalde percibirá unha retribución anual bruta de 25.000,00 euros.

— O cargo de concelleira/concelleiro delegado de Cultura, Xuventude e Voluntariado percibirá unha retribución anual bruta de 8.000,00 euros.

— O cargo de concelleira/concelleiro delegado de Deportes e Educación percibirá unha retribución anual bruta de 8.000,00 euros.

A ditas contías aplicaráselles o incremento retributivo que cada ano se aprobe para o persoal do sector público, nos termos e cos límites que se dispoñan na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e demais normas que conteñan o réxime retributivo das corporacións locais.

As citadas retribucións non inclúen os trienios aos que teñan dereito as persoas que ocupen os respectivos cargos.

TERCEIRO. Determinar que os membros da Corporación que non perciben dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

— Por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas: 60 euros.

En calquera caso só cuantificarase unha asistencia por día, con independencia do número de sesións que se celebren.

CUARTO. As axudas de custo dos membros da Corporación, por comisións de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación ou o seu Alcalde-Presidente, realizadas por razón do cargo, por traslado fóra do termo municipal, indemnizaranse trala súa xustificación consonte o que dispón o Real Decreto



462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos, os membros da Corporación asimiláranse ao Grupo 1 do Anexo II da devandita norma en caso de axudas de custo en territorio nacional, e ao Grupo 2 do Anexo III en caso de axudas de custo no estranxeiro.

QUINTO. Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios municipal de forma íntegra o presente acordo, así como no Portal de Transparencia sito na sede electrónica do Concello de Outes, aos efectos do seu xeral coñecemento.

DEBATE

Comeza o debate o Sr. González, presentando a súa proposta, que defende que é equilibrada, razoable e na liña do proposto hai catro anos. Suliña, en relación coas retribucións, que son moi axeitados e que están moi por debaixo do legalmente permitido (sobre uns 5.000 euros), dando lugar a un aforro considerable respecto das dedicacións recoñecidas fai catro anos.

Respecto das asistencias a órganos colexiados, tamén resalta a diferenza respecto do período anterior, xa que se manteñen os 60 euros pero se eliminan os 90 da asistencia ás sesións da Comisión de coordinación de Concellerías, posto que evidentemente que se reunirán pero sin carácter retribuído, o que supón un aforro duns 28.000 euros anuais.

Tomando a palabra, a Sra. Molinos fai referencia a que lles parece razoable que para que haxa o equivalente a dúas dedicacións a tempo completo, para que os veciños estean atendidos polos seus gobernantes. Pero non esclarece en que momento se poderá acceder ós concelleiros ós que se lles atribúen 8 horas á semana.

Tamén amosan a súa sorpresa en relación a que dúas concellerías con un volume de traballo tan diferente, teñan as mesmas horas de dedicación. Consideramos que ten moito mais traballo a Concellería de Cultura, Xuventude e Voluntariado que a Concellería de Deportes e Educación. Digo isto, por suposto, sin ter nada en contra das persoas que as representan.

E a outros dous aspectos na súa proposta: que a Concellería de Igualdade e Benestar, que se encarga dos asuntos que mais preocupan aos veciños e resulta non ter horas de dedicación específica, en contraposición coas outras dúas; e a ausencia de Concelleiros delegados para as distintas parroquias.



Engade que no seu programa electoral dicían que ían rebaixar ao menos un 20% os gastos destinados a órganos políticos, pero non estiman que eso se vexa reflectido na súa proposta, facendo referencia a unha serie de cifras e cálculos, que defenden que no cando de levar a cabo esa rebaixa, en realidade os están subindo.

Por todo isto, adianta o voto en contra do PP, se ben estarían dispostos a modificar a súa postura coa abstención no voto, se propuxeran o reparto, entre os membros que considerasen do seu grupo, do equivalente ao gasto que houbo na última lexislatura en concepto de dedicacións do anterior goberno (sin aplicarlle os incrementos salariais posto que na anterior lexislatura tampouco se aplicaron), previo informe de intervención ao respecto, e xustificandoo funcionalmente, aínda que queren deixar constancia que a Outes custaríalle co novo goberno cada un dos 5 concelleiros de CO unha media de 26.038 € , en contraposición coa media do anterior goberno que foi de 20.616 € .

A continuación, por parte do BNG, toma a palabra D. Anxo Núñez, para facer referencia a que dende o seu grupo analizaron con detemento as súas propostas e que lles producen perplexidade, polo feito de que catro concelleiros pasen a cobrar un salario público catro, un feito inaudito neste Concello, resultando ser unha proposta esaxerada e que non se sostén. Comenta que non lles parece suficiente unha redución de tan só 200 euros mensuais no salario da Alcaldía, e ademais hai que ter en conta que se incrementa consonte ó IPC.

O Sr. Anxo tamén fai referencia ás palabras do Sr. González do Pleno organizativo de fai 4 anos, e lamenta que a súa proposta non se adecúe máis ás mesmas.

Tamén amosan o seu asombro en relación coas dedicacións parciais, tanto en relación co reparto retributivo, que critica que se faga entre os membros do goberno pero non se intentase chegar a un acordo de goberno progresista; así como a escasa dedicación que lle atribúen a determinadas áreas, que non estiman que sexan suficientes para cubrir as necesidades dos veciños.

En definitiva, conclúe que a realidade é que o actual goberno está a propoñer é unha suba do gasto en salarios a cargos políticos a cambio dun Concello peor atendido e baixo mínimos, polo que adianta o seu voto en contra.

De seguido toma a palabra o portavoz do grupo socialista, que amosa que o seu grupo ten a vontade sempre de axudar, se ben estiman que o Concello debería ter dúas dedicacións completas, para a boa atención da xente do pobo.



Polo que conclúe que terá o seu apoio sempre e cando se produza a redución dese 20 % seu salario.

Abrindo unha segunda quenda de intervencións, contéstalle o Sr. Alcalde a Da Beatriz que na súa intervención inicial tentou explicar as dedicacións do Concelleiro de Cultura e de Deportes, que non se trata de ir a eventos, se non coordinalos, e estiman tamén que non é necesario que estean toda a mañá no Concello.

Tampouco entende que todos defendan teña que haber dúas dedicacións exclusivas, e que lle parece razoable as súas dedicacións propostas.

E fai referencia a que a súa promesa electoral era que reducirían un 20 % no gasto dos órganos de goberno, na partida dos orzamentos que reflicte os gastos dos órganos de goberno, o que entende que si se cumpre coa súa proposta, porque efectivamente esta non amosa só as retribucións, se non salarios e indemnizacións.

Respecto á actualización do IPC, efectivamente antes non se facía, pero isto veu posibilitado por un cambio normativo, xa que era unha cuestión absolutamente inusual, se ben afirma que con isto, eles “non van facer unha gran causa”.

Engade que, consonte ós seus cálculos, si se reduce o salario en relación ó salario permitido en función da poboación do término municipal.

Fai igualmente referencia a unha serie de datos para apoiar a súa postura e esa redución no gasto, reitera que a súa proposta é razoada e equilibrada, que atende ós seus compromisos e supón un aforro.

Non obstante, posto que observan que non existen apoios, propón a retirada do asunto da orde do día.

Pregunta se os demais grupos teñen algo máis que engadir, ó que Da Molinos se compromete a absterse nunha seguinte proposta se se fai no senso do defendido polo seu grupo. O Sr. Núñez, reitera que espera que traballe a reo polo Concello e que contarán co seu apoio para todo o que sexa bo para Outes, se ben estiman que non comparten as dedicacións de 8 horas semanais, se non que debería haber dúas dedicacións exclusivas; e afirma tamén que se en un/dous anos, cumpren co traballo e xustifican esas dedicacións, non terán ningún problema en recoñecelo; e respecto á actualización do IPC, defende que non é o mesmo un cargo político que un traballador coa súa praza e, en todo caso, esa subida non pode facerse automática xa que é ó Pleno ó que lle corresponde controlar que iso



non se torne nunha subida do salario dos cargos políticos encuberta. O Sr. Caamaño só comenta que hai que intentar poñer o goberno en marcha, cunha remuneración adecuada, polo que esperan unha nova proposta pola súa parte, sabendo que sempre pode haber diálogo co partido socialista.

Finalizado o debate. Non se produce votación sobre a retirada.

8.ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

En data 15/06/2019 constituíuse a nova corporación municipal 2019-2023 xurdida das pasadas eleccións municipais do mes de maio.

Nos días seguintes á constitución da corporación municipal deberon constituírse os grupos políticos municipais.

De acordo co artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Pleno da corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, establézanse con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar cunha contabilidade específica da dotación a que se refire o parágrafo segundo deste apartado 3, que poñerán ao dispor do Pleno da Corporación, sempre que este pídao.

Visto que emitiuse informe por Intervención acerca da existencia de consignación suficiente e axeitada no Orzamento municipal vixente para proceder ao pago das asignacións económicas a grupos políticos municipais, de acordo con esta proposta.

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO



Aprobar as seguintes asignacións económicas aos grupos políticos municipais:

- a) Unha parte fixa de 100,00 euros/mes por grupo.
- b) Outra parte variable de 60,00 €/mes por cada concelleira/o que forme parte do grupo.

Neste punto, ningún grupo político, despois de ser introducida a proposta polo Alcalde, fai ningunha obxección, polo que se produce a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 abstencións
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor

O Alcalde pon fin á sesión, facendo referencia a que será convocado un novo Pleno extraordinario para tratar o punto retirado e a que, ata daquela, o novo goberno traballará con afán.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Remata a sesión ás 22:17 do que, como Secretaria, dou fe.



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 97GEFKKQC5GF57C7F5YQTLKSH | Corrección: <http://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 21